

DECRETO DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: Convocatoria para a selección con carácter laboral temporal de persoal do Programa “Aprol Rural 2022”(1 Peón forestal).

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de **1 Peón forestal**, ao abeiro do Programa “Aprol Rural 2022”, de acordo coa orde do 7 de xaneiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade. (DOG nº 21, de 01/02/2022).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 13 de maio de 2022,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Manuel Seijas Ferreiro Persoal do Concello de Begonte.

Secretaria: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

Vogais:

1º Titular: Dna. María Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.

2º Titular: D. Manolo Prado López, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Persoal do Concello de Láncara.

3º Titular: D. Jose Ángel Balseiro Amido, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro venres, día 27 de maio de 2022 ás 12:00 horas na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria de Begonte (sita na Praza Irmáns Souto Montenegro), para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica escrita.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da proba teórica (peón forestal), no



seguinte horario:

- 12:30 h. na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria de Begonte (sita na Praza Irmáns Souto Montenegro),.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente.

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.

